CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2026

PRESIDENTA:

Dª Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
Dª María Luisa Fernández Santín
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

Dª Patricia Esther Espiñeira Galán

INTERVENTORA MUNICIPAL:

Dª Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

Dª. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día seis de outubro do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, Dª. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, Dª María Luisa Fernández Santín, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión a concelleira Dª Patricia Esther Espiñeira Galán.

Asiste á sesión a interventora municipal Dª Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.ª Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 29 de setembro de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 29 de setembro de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

CVD: bHdjOdqyr2oUWKMw0k6+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

- Resolución do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña sobre as festividades de carácter local da provincia da Coruña. BOP número 187, do 30 de setembro de 2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 25 de setembro de 2026 ao día 1 de outubro de 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 723/2026 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 746/2026 do 30 de setembro de 2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
723/2026	25-09-2026	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 02/2026 por importe total de 16.902,64 euros. Este crédito rexistrarase no proxecto "2026/3/241/3 SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL", é financiarase có compromiso de ingreso da Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais por importe de 16.902,64 euros a imputar ao concepto de ingresos 2026.45050 "Transferencias correntes Comunidade Autónoma de emprego".
724/2026	25-09-2026	Comparecer no procedemento citado perante o Tribunal de Instancia, sección do contencioso-administrativo, praza nº 2 de A Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos/ás letrados/as adscritos/as á asesoría xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña.
725/2026	25-09-2026	Cesar, con efectos do día 18 de setembro de 2026, á auxiliar administrativa interina R.M.B.R. que substituía a auxiliar administrativa interina A.M.G.A. Cesar, con efectos do día 18 de setembro de 2026, á auxiliar administrativa interina A.M.G.A., pola reincorporación da titular do posto a quen substituía, V.P.T.
726/2026	25-09-2026	Aprobar, con cargo ao concepto de ingresos "72000 Subvencións capital da Administración Xeral do Estado" proxecto 2024/2/920/1 "TRANSFORMACION DIGITAL", o reintegro da subvención concedida ao Concello de Cambre pola Dirección General de Cooperación Autonómica y Local do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática para a finalidade Plataforma automatizada para a tramitación de subvencións municipais ao abeiro da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aprobban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O importe a reintegrar ascende a un total de 59.961,55 dos que

CVD: bHdjOdqyr2oUWKMw0k6+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		54.026,50 euros corresponden ao pago anticipado do 50% do importe concedido e 5.935,05 euros aos intereses de demora.
727/2026	25-09-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 22 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á estación de recarga de vehículos eléctricos sita na rúa Estanque, parroquia do Temple.
728/2026	25-09-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención – referencia LMR- providencia- facturas REPARO SUSPENSIVO TEDEC 2026/T003/000960 I, de data 22.07.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo, entre outras, ás facturas que se sinalan na consideración quinta do mesmo, tendo en conta os informes emitidos polo administrador do sistema informático de data 18.08.2026, polo axente de protección civil en funcións de coordinador do servizo de Emerxencia e Protección Civil de data 26.08.2026, e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 03.09.2026. Aprobar as facturas por importe total de 4.334,01 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.
729/2026	25-09-2026	Desestimación de alegacións por infracción de tráfico.
730/2026	25-09-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 3.400,00 euros.
731/2026	25-09-2026	Aprobar o expediente de modificación de créditos por transferencia de crédito número 10/2026 e por importe de 124.527,87 euros.
732/2026	25-09-2026	Outorgamento de autorizacións para o exercicio da venda ambulante en postos, gastro-buses (food trucks) ou vehículos – similares durante o Festival Rock in Cambre 2026.
733/2026	25-09-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 29 de setembro de 2026, ás 10.00 horas.
734/2026	28-09-2026	Aprobar a nómina do mes de setembro de 2026 por importe total de 232.450,54 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de setembro de 2026.
735/2026	28-09-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 6 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Aldea de Arriba, parroquia de Cecebre.
736/2026	28-09-2026	Aprobar o expediente de modificación de créditos por transferencia de crédito número 9/2026 e por importe de 70.000,00 €.

CVD: bHdjOdqyr2oUWKMw0k6+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

737/2026	29-09-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2026/C002/000010 cuxo obxecto é a subministración en réxime de aluguer e instalación, configuración e posta en marcha de software policial, con cargo á aplicación orzamentaria 2026 132 62300 “Maquinaria Policía Local”. Adxudicar o contrato menor á empresa Labrax Soluciones S.L., por un importe máximo de 5.950,00 € sen IVE (7.199,50 €, IVE incluído). A duración do contrato será ata a formalización do contrato que se adxudique para esta prestación mediante procedemento ordinario e aberto e, en todo caso, coa duración máxima de 1 ano.
738/2026	29-09-2026	Resolución de inicio de procedimientos sancionadores de tráfico por importe total de 3.160,00 euros.
739/2026	29-09-2026	Asignar número de policía a vivenda situada na rúa Miguel González Garcés, Cambre.
740/2026	29-09-2026	Asignar número de policía a vivenda unifamiliar situada no lugar de Lendoiro, Cecebre.
741/2026	29-09-2026	Asignar número de policía a vivenda unifamiliar situada no lugar de Socampo, Cambre.
742/2026	29-09-2026	Asignar número de policía a vivenda unifamiliar situada no lugar de San Lourenzo, Meixigo.
743/2026	29-09-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para o desmantelamento dunha liña subterránea de baixa tensión existente e execución dunha canalización de 7 metros lineais para o tendido dunha nova liña subterránea de baixa tensión, destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar do Retiro,parroquia de Cambre.
744/2026	29-09-2026	Recoñecer a dona S.M.V.M. o dereito a devolución do importe ingresado por duplicado dunha taxa de expedición de documentos - dereitos de inscripción en proceso de selección de persoal, que ascende a 40,00 euros, así como os 7,38 xuros de demora. Realizar a devolución de ingresos indebidos mediante pago por transferencia bancaria.
745/2026	29-09-2026	Conceder a UFD Distribución Electricidad, SA, a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 26 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, así como para instalar un CPM, co fin de proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivienda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre.
746/2026	30-09-2026	Aprobar as despesas que se relacionan correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de agosto de 2026, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 60.530,64 euros.

CVD: bHdjOdqyr2oUWKMw0k6+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de agosto de 2026 por importe de 17.637,75 euros no concepto non orzamentario “20030 Cota traballador á Seguridade Social”.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen, unha vez concedido, manifesta que a semana pasada a Deputación Provincial aprobou subvencións para persoal técnico de deportes, e pregunta se teñen pensado solicitalas.

A Sra. presidenta intervén e manifesta que o comentará co coordinador da área.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e doce minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

CVD: bHdjOdqyr2oUWKMw0k6+ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/